



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE INSTALACION DE ASCENSORES E OUTROS DISPOSITIVOS DE ACCESIBILIDADE EN EDIFICIOS DE TIPOLOXIA RESIDENCIAL COLECTIVA, NAS SUAS VIVENDAS DÚPLEX, E EN VIVENDAS UNIFAMILIARES.

ORDE do 23 de agosto de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións do Programa de instalación de ascensores e outros dispositivos de accesibilidade en edificios de tipoloxía residencial colectiva, nas súas vivendas dúplex e en vivendas unifamiliares, e se convocan para o ano 2017, con carácter plurianual. (Publicación no DOG núm 167 do luns 4 de setembro de 2017).

Beneficiarios: Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as comunidades de persoas propietarias, as persoas físicas propietarias únicas de edificios de vivendas, as persoas físicas propietarias dun dúplex nun edificio de tipoloxía residencial colectiva e as persoas físicas propietarias dunha vivenda unifamiliar.

Contía: A contía das subvencións determinarase en función do número de vivendas da edificación e segundo a súa situación, de conformidade cos seguintes criterios:

a) Para as edificacións e vivendas sitas en ámbitos históricos e dos camiños de Santiago:

1. Vivendas unifamiliares e dúplex: 60 % do gasto subvencionable, sen que poida exceder os 4.500 euros.
2. Edificios de tipoloxía residencial colectiva cun número de vivendas igual ou inferior a 8: 60 % do gasto subvencionable, sen que poida exceder os 35.000 euros.
3. Edificios de tipoloxía residencial colectiva cun número de vivendas superior a 8: 60 % do gasto subvencionable, sen que poida exceder os 28.000 euros.

b) Para as edificacións e vivendas que non estean situadas en ámbitos históricos e dos camiños de Santiago:

1. Vivendas unifamiliares e dúplex: 60 % do gasto subvencionable, sen que poida exceder os 2.500 euros.
2. Edificios de tipoloxía residencial colectiva cun número de vivendas igual ou inferior a 8: 60 % do gasto subvencionable, sen que poida exceder os 25.000 euros.
3. Edificios de tipoloxía residencial colectiva cun número de vivendas superior a 8: 60 % do gasto subvencionable, sen que poida exceder os 18.000 euros.

c) En calquera caso, cando a actuación consista na instalación dun salvaescaleiras, a contía da subvención será dun 60 % do gasto subvencionable, sen que poida exceder os 1.000 euros, en caso de salvaescaleiras de cadeira, e os 2.000 euros, en caso de salvaescaleiras de plataforma.

Prazo de presentación de solicitudes: Do 5 de setembro ao 2 de novembro de 2017 e, en todo caso, rematará no momento do esgotamento do crédito orzamentario, que será publicado no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Máis información: Na Consellería de Infraestruturas e vivenda. Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). No teléfono: 981 54 19 10. Na oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, poden informalle destas axudas e axudarlle coa tramitación.

Padrón, 5 de setembro de 2017



A concelleira de casco histórico,

Asdo. Lorena Couso Dopazo.